

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 29 de abril de 2020 na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de marzo de 2020.
- * Aprobación dos cambios no calendario académico correspondente ao presente curso académico a causa da situación creada polo estado de alarma causado pola crise da COVID-19.
- * Acordo sobre o conxunto de actuacións previstas cara ao remate do presente curso académico a causa da situación creada polo estado de alarma causado pola crise da COVID-19
- * Aprobación do calendario académico para o curso académico 2020/21.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento participantes na convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor do primeiro concurso de profesorado contratado no curso académico 2020/21.
- * Aprobación dunha suspensión parcial da normativa de permanencia cara ao procedemento de matrícula do curso académico 2020/21.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.